

MEMORIA PARA O PROGRAMA
CONXUNTO DE ESTUDOS OFICIAIS
DO GRAO (PCEO) DO GRAO EN
ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN
DE EMPRESAS E O GRAO EN DEREITO

**MEMORIA PARA O PROGRAMA
CONXUNTO DE ESTUDOS
OFICIAIS DO GRAO (PCEO) DO
GRAO EN ADMINISTRACIÓN E
DIRECCIÓN DE EMPRESAS E O
GRAO EN DEREITO
(Campus de Ourense)
Consello de goberno do
22 de xullo de 2016**

Preámbulo

A Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un/unha estudante poida cursar de forma simultánea os estudos do Grao en Dereito e do Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado polas facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais.

A simultaneidade (programa conxunto) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito regularase, como todos os plans conxuntos da Universidade de Vigo, pola Normativa do programa conxunto de estudos oficiais de grao na universidade de Vigo (aprobada no consello de goberno do 23 de xuño de 2015 e modificada no consello de goberno do 12 de febreiro de 2016).

No obstante, a normativa xeral esixe en cada caso a concreción e o desenvolvemento dalgúns aspectos por parte dos centros que colaboran na impartición do programa. A seguinte normativa, respectando escrupulosamente os contidos da xeral, supón unha concreción e un desenvolvemento dos contidos daquela.

Artigo 1. Autorización do programa

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) proposto pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e pola Facultade de Dereito que permite estudar simultaneamente os estudos do Grao en Administración e Dirección de Empresas e os estudos do Grao en Dereito mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos plans de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán

O alumnado que supere o PCEO ADE-Dereito obterá os dous títulos oficiais de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas e Graduada/o en Dereito pola Universidade de Vigo.

Artigo 3. Duración do programa

Terá unha duración de dez cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 363 ECTS, dos cales 357 se corresponden con créditos de formación básica e materias obrigatorias e 6 con créditos de materias optativas, distribuídos da forma que se reflicte no anexo I.

Créditos de formación básica	75 ECTS
Créditos obrigatorios	264 ECTS
Créditos optativos	6 ECTS
TFG	18 ECTS
Total	363 ECTS

Artigo 4. Centro responsable do programa

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudante, así como para tramitar as bolsas do alumnado, acórdase designar a Facultade de Dereito como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do disposto no artigo 13 da Normativa do programa conxunto de estudos oficiais de grao para o procedemento de expedición de títulos oficiais.
2. Cada unha das dúas facultades ofrece dentro dos seus respectivos graos prácticas externas ás que poden acceder os/as estudantes do PCEO e responsabilizarse da xestión do seu propio programa de prácticas externas e do seu programa de intercambio. No caso en que o/a estudante desexe facer un programa de intercambio con materias de ambos os graos, o centro responsable da xestión administrativa do PCEO encargarse do proceso.

Artigo 5. Centro de impartición do ensino

1. Os cursos impartiranse na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e na Facultade de Dereito.
2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que lle permita ao estudantado organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PCEO e que contribúa á súa integración na vida de cada centro.
3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames, deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición do alumnado con anterioridade ao período de matrícula.

Artigo 6. Coordinación do PCEO

A coordinación do PCEO corresponderalles conxuntamente ás persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás que a persoa titular do decanato dun centro decida delegar nun vicedecano/a a coordinación do grao do respectivo centro no PCEO.

Ademais establecerase un órgano coordinador formado polas persoas titulares dos decanatos e as coordinadoras dos graos de ambos os centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan conveniente, reunirse a instancias de calquera dos dous decanatos.

Artigo 7. Número de estudantes

Para o curso académico 2016/2017 ofértanse 20 prazas. O 50 % destas prazas detraeranse das prazas correspondentes á oferta do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o 50 % das prazas correspondentes á oferta do Grao en Dereito. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno.

Para o curso académico 2016/2017 ofértanse dúas prazas para traslado desde outro PCEO equivalente.

Artigo 8. Admisión de estudantes

1. A admisión de estudantes farase conforme a Normativa do programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.
2. De forma excepcional, cada ano un máximo de dous alumnos/as matriculados en Dereito e outros dous matriculados en ADE poderán incorporarse ao PCEO. Soamente se admitirán solicitudes de estudantes cuxa nota media no grao de orixe sexa igual ou superior a 7 puntos sobre 10. No caso de haber máis solicitudes ca prazas, a selección efectuarase de forma regulada en función da nota media do expediente académico.

Artigo 9. Traslado de expediente

1. Os traslados de expedientes rexeranse pola Normativa do programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.
2. Os estudantes do programa conxunto que o desexen poderán solicitar o seu traslado a outra universidade para facer o mesmo PCEO.
3. Cada ano poderán admitirse ata un máximo de dous alumnos/as procedentes doutro PCEO equivalente da Universidade de Vigo ou doutras universidades españolas. No caso de haber máis solicitudes ca prazas, a selección efectuarase de forma regulada en función da nota media do expediente académico.

Artigo 10. Recoñecementos específicos para estudantes do PCEO

1. Os recoñecementos específicos para estudantes do PCEO rexeranse pola Normativa do programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo. Os recoñecementos establecidos no artigo 10.1 (créditos das materias optativas polos créditos das materias obrigatorias logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas materias obrigatorias) serán os que constan no anexo II.
2. Calquera recoñecemento de créditos fóra do especificado pola Normativa do programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo é responsabilidade da comisión con competencias en recoñecementos no centro responsable do programa, tras o informe do coordinador/a ou docente responsable da materia.

Artigo 11. Normativa

Esta memoria, así como as cuestións non recollidas nela, debe rexerse polo establecido na Normativa do programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo, aprobada no consello de goberno do 23 de xuño de 2015 e modificada no consello de goberno do 12 de febreiro de 2016.

Disposición derogatoria

Queda derogada a anterior normativa reguladora do PCEO ADE-Dereito, aprobada polo consello de goberno do 12 de febreiro de 2014.

Disposición final

Unha vez aprobada, esta normativa entrará en vigor ao día seguinte de súa publicación no taboleiro de anuncios oficial correspondente.

ANEXO I. PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA

Primeiro curso (69 ECTS)

Primeiro cuadrimestre (33 ECTS)	Segundo cuadrimestre (36 ECTS)
<p>Dereito: Teoría do dereito (9) (FB)</p> <p>Dereito: Dereito constitucional I (9) (FB)</p> <p>Dereito: Dereito romano (6) (FB)</p> <p>Economía: Microeconomía (9) (FB)</p>	<p>Dereito: Dereito constitucional II (6) (FB)</p> <p>Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa(6) (FB)</p> <p>Estatística: Estatística (6) (FB)</p> <p>Economía: Economía española e mundial (6) (FB)</p> <p>Empresa: Matemáticas das operacións financeiras (6) (FB)</p> <p>Empresa: Xestión de empresas(6) (FB)</p>

Segundo curso (75 ECTS)

Primeiro cuadrimestre (39 ECTS)	Segundo cuadrimestre (36 ECTS)
<p>Dereito internacional público (9) (OB)</p> <p>Dereito penal I (9) (OB)</p> <p>Dereito civil I. Obrigas e contratas (6) (OB)</p> <p>Empresa: Contabilidade financeira I (6) (FB)</p> <p>Dirección de operacións (9) (OB)</p>	<p>Sistema xudicial español e proceso civil (9) (OB)</p> <p>Dereito administrativo I (9) (OB)</p> <p>Dereito civil II. Dereitos reais (6) (OB)</p> <p>Macroeconomía (6) (OB)</p> <p>Contabilidade financeira II (6) (OB)</p>

Terceiro curso (75 ECTS)

Primeiro cuadrimestre (36 ECTS)	Segundo cuadrimestre (39 ECTS)
<p>Dereito mercantil I (9) (OB)</p> <p>Dereito administrativo II (6) (OB)</p> <p>Dereito da Unión Europea (6) (OB)</p> <p>Econometría (6) (OB)</p> <p>Dirección de recursos humanos (9) (OB)</p>	<p>Dereito penal II (6) (OB)</p> <p>Dereito financeiro e tributario I (9) (OB)</p> <p>Dereito procesual penal (6) (OB)</p> <p>Dirección comercial I (6) (OB)</p> <p>Decisións de investimento (6) (OB)</p> <p>Políticas económicas (6) (OB)</p>

Cuarto curso (72 ECTS)

Primeiro cuadrimestre (36 ECTS)	Segundo cuadrimestre (36 ECTS)
Dereito civil III. Familia e sucesións (6) (OB) Dereito mercantil II (6) (OB) Dereito financeiro e tributario II (6) (OB) Teoría da organización (6) (OB) Dirección estratéxica (6) (OB) Réxime fiscal da empresa I (6) (OB)	Dereito internacional privado (9) (OB) Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos (6) (OB) Dirección estratéxica internacional (6) (OB) Valoración de activos (6) (OB) Análise contable (9) (OB)

Quinto curso (72 ECTS)

Primeiro cuadrimestre (33 ECTS)	Segundo cuadrimestre (33 ECTS)
Dereito do traballo e da Seguridade Social (9) (OB) Dirección comercial II (6) (OB) Decisións de financiamento (6) (OB) Investigación comercial (6) (OB) Planificación financeira (6) (OB)	Xurisdicións contencioso-administrativa e social (6) (OB) Contabilidade de custos (9) (OB) Traballo de fin de grao Dereito (6) (OB) Traballo de fin de grao ADE (12) (OB)
1 optativa (6 ECTS) do primeiro cuadrimestre ou do segundo cuadrimestre que se elixirá entre a oferta de optativas de ADE e Dereito	

ANEXO II

A) As materias de formación básica do Grao en ADE que se recollen na seguinte táboa recoñeceranse pola superación das seguintes disciplinas de formación básica do PCEO:

Táboa de recoñecementos:

Materias de formación básica do PCEO		Recoñecementos de materias de formación básica do Grao en ADE	
Dereito: Teoría do dereito	9	Matemáticas: Matemáticas	9
Dereito: Dereito romano	6	Empresa: Fundamentos de administración	6
Dereito: Dereito constitucional II	6	Historia: Historia económica	6

As materias de formación básica do Grao en Dereito que se recollen na seguinte táboa recoñeceranse pola superación das seguintes disciplinas de formación básica do PCEO:

Táboa de recoñecementos:

Materias de formación básica do PCEO		Recoñecementos de materias de formación básica do Grao en Dereito	
Economía: Microeconomía	9	Economía: Principios de economía	6
Estatística: Estatística	6	Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito	6
Economía: Economía española e mundial	6	Historia: Historia do dereito	6
Empresa: Contabilidade financeira I	6	Empresa: Fundamentos de contabilidade e finanzas	6

B) Os créditos da seguinte disciplina obrigatoria do Grao en ADE recoñeceranse pola superación dos créditos da seguinte disciplina obrigatoria do PCEO:

Táboa de recoñecementos:

Materia obrigatoria do PCEO		Recoñecemento de materia obrigatoria do Grao en ADE	
Dereito mercantil I	9	Dereito mercantil	6

C) Os créditos optativos do Grao en ADE recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do PCEO:

Táboa de recoñecementos:

Materias obrigatorias do PCEO		Recoñecemento de créditos optativos do Grao en ADE	
Dereito civil I. Obrigas e contratos	6	Créditos optativos	6
Dereito civil II. Dereitos reais	6	Créditos optativos	6
Dereito civil III. Familia e sucesións	6	Créditos optativos	6
Dereito mercantil II	6	Créditos optativos	6
Dereito administrativo II	6	Créditos optativos	6
Dereito financeiro e tributario II	6	Créditos optativos	6

Os créditos optativos do Grao en Dereito recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do PCEO:

Táboa de recoñecementos:

Materias obrigatorias do PCEO		Recoñecemento de materias optativas do Grao en Dereito	
Macroeconomía	6	Créditos optativos	6
Políticas económicas	6	Créditos optativos	6
Contabilidade financeira II	6	Créditos optativos	6
Teoría da organización	6	Créditos optativos	6
Dirección comercial I	6	Créditos optativos	6
Decisións de financiamento	6	Créditos optativos	6